



## **ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 5 DE MARZO DE 2026**

### **PRESIDENTA:**

D<sup>a</sup> Diana Piñeiro Fernández

### **ASISTENTES:**

D. Rubén Vázquez Pérez  
D<sup>a</sup> Patricia Esther Espiñeira Galán  
D. Omar Gonzalo Lamela Vázquez  
D. Manuel Castro Uzal

### **NON ASISTE:**

D. Raúl Varela Fraguio

### **SECRETARIA XERAL:**

D.<sup>a</sup> Pilar María Pastor Novo

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre (A Coruña), sendo as catorce horas e trinta minutos do día cinco de marzo do ano dous mil vinte e seis, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria baixo a Presidencia da Sra. alcaldesa, D<sup>a</sup>. Diana Piñeiro Fernández, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D. Rubén Vázquez Pérez, D<sup>a</sup> Patricia Esther Espiñeira Galán, D. Omar Gonzalo Lamela Vázquez e D. Manuel Castro Uzal.

Actúa como secretaria a secretaria xeral do Concello, D.<sup>a</sup> Pilar María Pastor Novo, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 133.1.c) do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame do asunto incluído na orde do día da convocatoria.

### **ÚNICO.- PROPOSTA RELATIVA Á ADXUDICACIÓN DA OBRA "MELLORA DO PARQUE INFANTIL SITUADO EN RÚA FRANCISCO RODRÍGUEZ", INCLUIDA NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS +ADICIONAL 2/2023**

A Presidencia somete a debate e consideración da Xunta de Goberno Local a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 4 de marzo de 2026 (CVD: s4btMHuKvI9HwOyVoxpP) que transcrita di:

### **"PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DA AREA DE ECONOMÍA, FACENDA, CONTRATACIÓN, RÉXIME INTERIOR E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

Visto o expediente de contratación tramitado para a adxudicación da obra "Reforma del parque infantil situado en la calle Francisco Rodríguez" incluída no Plan Provincial de cooperación as obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) POS+Adicional 2/2023 (Exp: 2024/C003/00004).



Vistas as actas da Mesa de Contratación de datas 17 de marzo de 2025 (CVD: Ta1HJ1UJaVC/nP7KzdVG), 7 de outubro de 2026 (CVD: Hj7tvxOmWhNEZXuFaKBG) e 24 de febreiro de 2026 (CVD: FAnJuNysdDQBlbfdL8Tp).

Vista a acta do da Mesa de Contratación de data 6 de febreiro de 2026 (CVD: VeFfsYmsNA0ADCm05sBT), na que, entre outras cousas, acordouse por unanimidade:

*"...Primero.- Excluir a la entidad "Instalaciones Bahía Park, S.L." de la licitación, al no haber presentado la documentación requerida a través de la Plataforma de Contratación del Estado, obligación que viene establecida en la cláusula 11.1 PCAP y epígrafe 9 del cuadro de características, e indicada, igualmente, en el requerimiento de documentación que se le realiza al propuesto como adjudicatario con fecha 20 de noviembre de 2025; y por constar una fecha de emisión de aval posterior a la fecha final de presentación de dicha documentación.*

*Segundo.- Realizar propuesta de adjudicación del expediente núm. 2024/C003/000004 para la obra «Reforma del parque infantil situado en la calle Francisco Rodríguez (Cambre)», a favor de la empresa "Eulen, S.A.", en el precio ofertado de 100.438,87 euros sin IVA (121.531,03 euros IVA incluido), por ser el licitador de los que continúan en la licitación que obtiene la mayor puntuación en aplicación del único criterio de adjudicación del presente contrato (oferta económica), cumplir su oferta con lo establecido en los pliegos de contratación, y no estar incurso en presunción de ser anormalmente baja, ello según lo establecido en el artículo 159.4, punto 2º, de la Ley 9/2017, de 8 de noviembre, de Contratos del Sector Público (LCSP).*

*Tercero.- De conformidad con lo establecido en las Cláusulas 7 y 16 del PCAP, y una vez comprobados los datos obrantes en el ROLECE y en el Registro General de Contratistas de la Comunidad Autónoma de Galicia, en los cuales se encuentra inscrita la empresa, requerirle, mediante comunicación electrónica, para que dentro del plazo de 7 días hábiles, a contar desde el envío del requerimiento y su publicación simultánea en el perfil del contratante del Ayuntamiento de Cambre, presente a través de la Plataforma de Contratación del Estado y con firma electrónica la siguiente documentación: (...)"*

Vista a documentación aportada polo licitador que obtivo a maior puntuación e polo tanto presentou a mellor oferta.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión da Administración Xeral interina, co conforme da secretaria xeral e o intervido conforme da interventora accidental de data 4 de marzo de 2026 (CVD: mvtrTZRbr7mPhT55GceB) no que se informa favorablemente a adxudicación polos motivos nel expostos.

Visto canto antecede e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 391/2025, do 30 de abril, propoño a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro:** Declarar válida a licitación.

**Segundo:** De conformidade coa valoración otorgada pola Mesa de Contratación de data 17 de marzo de 2025 no presente expediente, aprobar a seguinte valoración das proposicións presentadas polos licitadores:

Orde n	Nombre Empresa	Oferta económica (Sin IVA)	Baja (%)	Puntuación Val. económica	Temerari a
1º	OZIONA SOLUCIONES DE ENTRETENIMIENTO, S.L.	89.353,00	25,31	100,00	Sí
2º	OURI ENTRETENIMIENTOS, S.L.	90.013,00	24,76	98,40	Sí

3º	CALFENSA PROYECTOS, S.L.	93.933,68	21,48	88,86	Sí
4º	SOTEGA NOROESTE, S.L.	95.611,45	20,08	84,78	Sí
5º	IMAVE, S.L.	96.942,42	18,97	81,55	Sí
6º	INSTALACIONES BAHÍA PARK, S.L.	99.750,00	16,62	74,71	No
7º	EULEN, S.A.	100.438,87	16,04	73,03	No
8º	URBANISMO TÉCNICO SOSTENIBLE, S.L.	104.920,18	12,30	57,40	No
9º	SERVIPLUSTOTAL, S.L.	105.300,00	11,98	55,91	No
10º	SPORT EQUIPALIA, S.L.U.	108.000,00	9,72	45,36	No
11º	NOVAVAL, S.L.	108.460,12	9,34	43,59	No
12º	CITANIAS OBRAS Y SERVICIOS, S.L.U.	109.142,03	8,77	40,93	No
13º	SERGONSA SERVICIOS, S.L.	113.484,00	5,14	23,99	No
14º	GAROCAPRIM, S.L.	113.652,24	5,00	23,33	No
15º	JARDINERÍA ARCE, S.L.	114.130,77	4,60	21,47	No
16º	LÓPEZ Y LEIS, S.A.	115.000,00	3,87	18,06	No
17º	CRECHE CONCEPT INVEST, S.L.	116.620,00	2,52	11,76	No
18º	COVI OBRAS Y VIALES, S.L.	117.183,00	2,05	9,57	No

**Terceiro:** Excluir da licitación as entidades merantiles que seguen:

- “INSTALACIONES BAHÍA PARK, S.L.” ao non presentar a documentación requirida a través da Plataforma de Contratación do Estado, obrigación que vén establecida na cláusula 11.1 PCAP e epígrafe 9 do cadro de características, e indicada, igualmente, no requirimento de documentación que se lle realiza ao proposto como adxudicatario con data 20 de novembro de 2025; e por constar unha data de emisión de aval posterior á data final de presentación da devandita documentación.
- “OZIONA SOLUCIONES DE ENTRETENIMIENTO, S.L.” “OURI ENTRETENIMIENTOS, S.L.” e “CAFENSA PROYETOS, S.L.” ao non xustificar suficientemente as súas ofertas inicialmente con valores anormalmente baixos, iso segundo o informe emitido polo Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas interino en data 29 de setembro de 2025.
- “SOTEGA NOROESTE, S.L.” e “IMAVE, S.L.”, ao non presentar a documentación xustificativa das súas ofertas inicialmente con valores anormalmente baixos, que lles foi requirida segundo o previsto na cláusula 15.4.4 PCAP.

**Cuarto.-** Adxudicar a entidade “EULEN, S.A ” con CIF A28517308, a obra “Mellora do parque infantil situado en Rúa Francisco Rodríguez” polo prezo de 100.438,87 euros sen IVA € (121.531,03 euros IVA incluído) por ser o licitador dos que continúan na licitación que obtivo a maior puntuación na aplicación do único criterio de adxudicación do contrato (oferta económica), cumprir a súa oferta co establecido nos pregos de contratación, e non estar incurso en presunción de ser anormalmente baixa, iso segundo o establecido no artigo 159.4, punto 2º, da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).

**Quinto.-** Designar director de obra e responsable do contrato a David Fraga Germade, enxeñeiro de obras públicas interino de conformidade co establecido no artigo 62.2 da LCSP, polo que lle corresponderá o labor de supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación prestada.



**Quinto.-** Proceder á formalización do contrato en documento administrativo no prazo dos quince días hábiles seguintes á notificación da adxudicación, esto de conformidade co disposto no artigo 153.3 da LCSP.

**Sexto.-** Notificar este acordo ao licitadores presentados e excluídos e publicar este acordo de adxudicación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado (<https://contrataciondeestado.es>).

**Séptimo.-** Dar traslado deste acordo, a través da plataforma TDeC, ao responsable do contrato e ao departamento de intervención para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.

De conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, este acordo pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse ante a señora alcaldesa [artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local].

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que se poida exercer, de ser o caso, calquera outro recurso que se estime procedente”.

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 4 de marzo de 2026 (CVD: s4btMHuKvI9HwOyVoxpP), resultando aprobada por unanimidade dos/as concelleiros/as asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as catorce horas e trinta e catro minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta, do que eu, secretaria xeral, dou fe.

A presidenta  
Diana Piñeiro Fernández

A secretaria xeral  
Pilar María Pastor Novo